

AMENTOS DE ABELANEIRA

Miñas bágaos son amentos de abelaneira
cando vexo o Gafos doente.

Nas augas do mar da presa
vive unha moura encrequenada de medo.
Soña con grades de ouro
peiteando longos cabelos de ferro.

Cae a choiva no río.
Auga contra a iauga.
Mansedume de paxaro no niño.

Hai enchenta.
Xa non troban as aves.
Vai o río enlodado.

Plásticos e máis plásticos aférranse as silvas,
náufragos do estragamento.

Botellas afogadas, sin mesaxes nin licores,
acubillan coitas embriagadas.

Pneumáticos esmorecidos pola velocidade
acadan a meta de ningures.

Roupas farrapentas bailan atolondradas danzas
arroiadas polas augas.

Zapatos engruñados con feridas abertas
perderon o camiño desandado.

Cascallos e refugallos de obra
vomitados por bestas desbocadas.

Monecos de expresión miserenta
escóitan andróminas sin esperanza.

Unha serpe de sete cabezas
cuspe augas fecais por todo o río.

Escampa.
Arrechouchían os paxaros.
O río vai contaminado.

Noutro tempo, xentiña da contorna
sementaba a terra con suor.
Atallaba o sangue dos cortes
con couselos dos muiños.
Bebía nas augas do río.

Herdeiros de legón pendurado,
coutan terreos enteiros,
mentres o abandono das leiras
engule o traballo dos seus devanceiros.

Nas espadanas da ribeira
pousan exuvias de libeliñas;
son helmets ferruxentos
de cabaleiros que aman o río.

Miñas bágoas son landras de carballo
por ver o Gafos doente.